

MATEMÁTICAS II

Crterios Xerais de Avaliación

1. A proba de Matemáticas II terá dúas opción pechadas: A e B
2. Cada opción constará de catro exercicios coas seguintes valoracións máximas:
 - Exercicio 1 (Números e álgebra) : 2 puntos
 - Exercicio 2 (Análise): 3 puntos
 - Exercicio 3 (Xeometría): 3 puntos
 - Exercicio 4 (Estatística e Probabilidade): 2 puntos
3. No caso de que un alumno/a resolva exercicios das dúas opcións, só se avaliarán os exercicios da opción correspondente ao primeiro exercicio que resolva o alumno/a no seu exame.
4. As respostas deberán estar debidamente xustificadas. Se só se achega a solución, sen ningún tipo de explicación, a puntuación nese apartado será de cero puntos.
5. Permitirase o uso de calculadoras non programables e que non teñan capacidade gráfica.
6. Facilitarase a táboa da distribución normal $N(0,1)$ que dá as probabilidades $P(Z \leq k)$ para valores de k de 0 a 4, de centésima en centésima.
7. No desenvolvemento dos exercicios valorarase:
 - A utilización da linguaxe, notación e símbolos matemáticos adecuados
 - A utilización de argumentos, xustificacións e razoamentos coherentes
 - A precisión e rigor adecuados para a resolución dun problema
 - A interpretación da solución dos exercicios